



Na elaboración do voso boletín cultural, tedes que ter en conta distintos aspectos como a calidade dos contidos, a presentación, a organización da información ou a corrección lingüística. A seguinte rúbrica axudaravos a entender que se espera en cada apartado e a orientar o voso traballo. Lembraide que, aínda que non cumprades completamente algún criterio, sempre se valorará o esforzo realizado. Ánimo!

Rúbrica do boletín cultural [Aplicar](#)

	Insuficiente	Suficiente	Ben	Moi ben
Portada e identidade	Falta portada ou está incompleta (0.25)	Inclúe portada pero pouco clara ou pouco atractiva (0.5)	Portada correcta con título e datos básicos (0.75)	Portada atractiva, clara e completa (título, imaxe e datos) (1)
Estrutura do boletín	Faltan varias seccións importantes (0.25)	Ten algunhas seccións pero incompleto (0.5)	Ten case todas as seccións ben organizadas (0.75)	Inclúe todas as seccións e están moi ben organizadas (1)
Editorial / presentación	Non hai ou non se entende (0.25)	Presenta o boletín de forma moi básica (0.5)	Explica o contido de forma clara (0.75)	Presenta o boletín de forma clara, atractiva e coidada (1)
Textos informativos	Confusos ou mal redactados (0.25)	Enténdense pero con erros ou pouca orde (0.5)	Ben redactados e organizados (0.75)	Claros, ben estruturados e interesantes (1)
Recensión literaria	Incompleta ou con erros (spoilers, falta opinión...) (0.25)	Cumpre parcialmente os requisitos (0.5)	Inclúe resumo, opinión e datos básicos (0.75)	Completa, clara, sen spoilers e con boa valoración persoal (1)
Recomendación cultural	Non queda claro o que se recomenda (0.25)	Recomendación pouco explicada (0.5)	Clara e correcta (0.75)	Clara, atractiva e ben xustificada (1)
Presentación e deseño	Desordenado ou difícil de ler (0.25)	Presentación simple ou pouco coidada (0.5)	Ordenado e claro (0.75)	Moi coidado, atractivo e equilibrado (texto/ imaxes) (1)
Corrección lingüística	Moitas faltas que dificultan a lectura (0.25)	Algúns erros (0.5)	Poucos erros (0.75)	Sen erros ou moi ben revisado (1)
Revisión final	Non revisado (0.25)	Revisión moi básica (0.5)	Revisado correctamente (0.75)	Moi ben revisado e mellorado en equipo (1)
Organización do equipo de redacción	Non houbo organización nin reparto de tarefas (0.25)	Houbo pouca organización (0.5)	O equipo organizouse e repartiu tarefas (0.75)	Excelente coordinación, colaboración e reparto equilibrado (1)